

GRAMÁTICA 2º TRIMESTRE. PRÁCTICA.

SOLUCIÓN

Hai moi lonxe un país no que **viven** dous señores. O señor X **vai** mudar **de** domicilio e **terá** que vender a súa fermosa casa. **Ao** principio aínda **pensou** vivir **nun** hotel, buscar un hostel **de** varias estrelas, mais non **é** unha vida tranquila **para** el, que **está** afeito **ao** seu chalé. Un amigo faloulle **dunha** residencia **a** bo prezo **con** cuartos individuais ben preparados, pero quedalle a contramán **para** o despacho. Se **andase** algo mellor **de** fondos xa lle **tiña** botado o ollo **a** un pazo que **hai** alí pretiño **do** novo Pazo **dos** Deportes e iso que **tería** que restauralo. Tamén mirou un luxoso andar **no** edificio que **hai** fronte **ao** Cine Marítimo e non o convenceu. Certamente que lle ofreceu hospedaxe seu curmán Y e aceptaría se non **fose** ese mal xenio que **gasta** e que **fai** difícil compartir aloxamento **con** el. **Ao** final decidírase **por** unha hospedaría **de** boa calidade e poucos hóspedes, unha que lle encheu o ollo.

O outro señor, o señor Z, ten aínda máis problemas **coa** morada agora que fechou o albergue municipal que lle **servía** **de** pousada. As pensións están caras **para** el; aínda algunhas casopas **do** Barrio **do** Freixo que non son máis que barracas **de** feira. O seu **coa** vivenda vén **de** lonxe. Naceu **nun** hospicio. Xa mozote, viviu un tempo **nunha** choza abandonada. Botou un inverno **de** vixiante **dunha** obra durmindo **no** pendello **da** ferramenta. Só cando estivo **de** mecánico tiña **para** alugar un caseto **na** estrada de Salcedo. Mais as cousas torcéronse e agora non atopa un mísero antro onde estarricar os ósos. **Ás** veces soña que é un garda forestal e **vive** **nunha** cabana **no** monte ben provisto **de** leña e comida; érguese **á** mañá **ao** romper o día, almorza ben e comeza a rolda: axeitar o cubil **dos** coellos, ver o novo toco **do** raposo e **dos** esquíos e.... esperta **en** calquera choupana aínda máis fría que a gorida **dun** lobo.

1.- Indica o tempo e modo das formas verbais regulares salientadas en grosa no texto e divídeas nos seus constituíntes morfolóxicos.

	RAÍZ	VT	MMT	MNP	TEMPO E MODO
viven	viv	e		n	Presente indicativo
pensou	pens	o		u	Pretérito indicativo
andase	and	a	se		Pretérito subxuntivo
tería	te		ría		Pospretérito indicativo
gasta	gast	a			Presente indicativo
servía	serv	í	a		Copretérito indicativo
vive	viv	e			Presente indicativo

(O verbo *ter* foi un despiste porque é irregular e a segmentación dos irregulares non entra.)

2.- Copia todos os verbos irregulares que haxa no primeiro parágrafo. Conxuga un deles en pretérito de indicativo; outro, en presente de subxuntivo e outro, en antepretérito de indicativo.

Sinalados no texto en cor vermella.

Exemplos de conxugación: Pretérito de indicativo: houben, houbeches, houbou, houbemos, houbestes, houberon. / Presente de subxuntivo: vaia, vaías, vaia, vaíamos, vaiades, vaian. /Antepretérito de indicativo: tivera, tiveras, tivera, tiveramos, tiverades, tiveran.

3.- Anota as perífrases verbais e clasifícaa.

vai mudar: temporal de futuridade / *terá que vender, tería que restauralo*: modais de obriga/
tiña botado: aspectual perfectiva.

4.- Localiza, no 2º parágrafo, un verbo da terceira conxugación que teña alternancia vocálica e conxúgao en presente de indicativo e mais en imperativo (todas as persoas).

Servía (servir): sirvo, serves, serve, servimos, sevides, sirven(Presente)/sirve, serve (Imperativo).

Durmind (dormir): durmo, dormes, dorme, durmimos, durmides, dormen. (Presente)/durme, durmide (Imperativo).

5.- Na oración *Se andase algo mellor de fondos xa lle tiña botado o ollo a un pazo*, di se se podería empregar ou non o antepretérito (*andara*) en lugar de *andase*. Explica a túa resposta.

Nesta oración, a forma correcta é a do pretérito de subxuntivo, porque a acción non se mostra como real, senón como hipotética, dado que é unha condicional; de aí que se empregue o modo subxuntivo e non o indicativo, que se reserva para accións reais; no caso do antepretérito, serían accións anteriores a outra pasada.

6.- Escribe oracións nas que exemplifiques os distintos casos de uso do infinitivo conxugado ou persoal.

Cando ten un suxeito propio distinto do verbo principal: *Marcharemos ao acabardes a merenda*

Cando ten o mesmo suxeito que o verbo principal pero vai antes ca el precedido de preposición: *Para lembráreste despois, anótao*

Aínda tendo o mesmo suxeito, o infinitivo vai despois do verbo conxugado, pero a bastante distancia: *Seguete pola estrada principal da costa para verdes mellor toda a paisaxe*

En xeral, sempre que o infinitivo vaia introducido por unha preposición (e non forme parte de perífrase verbal): De seguirmos así, non sei onde iremos parar.

7.- Anota e clasifica os adverbios do texto.

Moi: cantidade / lonxe: lugar / aínda: tempo / non: negación / ben: modo / a contramán: lugar / agora: tempo / xa: tempo / alí, pretiño: lugar / tamén: afirmación / Certamente: afirmación / máis: cantidade / lonxe: lugar / Só: cantidade / ben: modo / Ás veces: tempo.

8.- Anota e clasifica as conxuncions do texto.

E: coordinante copulativa / mais: coord. adversativa / pero: coord. adversativa / Se: (l. 5 e l. 8): subordinante condicional / cando: subordinante temporal / que (l. 17): sub. completiva / que (última liña): sub. comparativa.

9.- Rodea no texto as preposicións.

Indicadas en cor azul.